



## Claves económicas e de manexo na recría de xovencas

Poñemos o foco na importancia da recría na nosa granxa e ofrecemos algunhas estratexias para o seu manexo adecuado tendo en conta a súa repercusión na produción final de todo o rabaño.

**Alfonso Goris Pereiras**

Xefe de Alimentación Animal  
Cooperativas Lácteas Unidas, SCG

### INTRODUCCIÓN

Os principais obxectivos de criar xovencas nunha granxa son repoñer as vacas descartadas (reposición) e o progreso xenético dos animais (plan de selección e mellora xenética). A recría supón un custo considerable, normalmente é o 2.º en importancia despois da alimentación e pode chegar a representar entre un 15 % e un 20 % do total dos custos.

A produción das vacas de 1.ª lactación é clave e terá un impacto significativo na produción final de todo o rabaño, tendo en conta que as primíparas adoitan ser o grupo máis numeroso dos animais que se moxen.

Os obxectivos dun plan de recría serían:

- Optimizar o manexo e a alimentación das xatas e que poidan alcanzar o potencial xenético para o que estaban programadas ao nacemento.
- Criar unha xovenca da máis alta calidade posible, ao menor custo posible, minimizando a mortalidade e a morbilidade.

A estratexia é acurtar o tempo ata o primeiro parto e a primeira lactación e reducir os gastos necesarios, sin detrimento para o futuro potencial produtivo.

As metas recomendadas son conseguir unha idade ao parto entre 21-23 meses, cun peso despois do parto dun 85 % do peso maduro da granxa en cuestión. Para iso temos que inseminar cun 55 % do peso maduro, entre os 12-14 meses de idade.

### PESO AO PARTO

O 85 % do peso maduro non é ningún capricho, hai moitos estudos que así o demostran. Unha xovenca que pare demasiado baixa de peso daralle prioridade á partición de nutrientes no crecemento durante o primei-

ro parto a expensas do rendemento en leite; pola contra, unha xovenca máis obesa terá respostas metabólicas posparto similares ás das vacas adultas que paren gordas, cun maior contido en graxa corporal e un risco alto de enfermidades (cetose, fígado graxo, distocias...) e unha menor produción de leite.

### IDADE AO PARTO

A idade ao parto e as taxas de renovación ou de descarte son dos factores principais que afectan os custos da recría, xa que estes afectan ao número de xatas que deben criarse para manter o tamaño do rabaño.

O cadro da dereita resume o número de xatas que deben manterse en varios niveis de reposición do rabaño e as diferentes idades ao primeiro parto (ex.: rabaño de 100 vacas).

| Taxa de reposición (%) | Idade ao primeiro parto (meses) |    |    |    |    |     |     |     |
|------------------------|---------------------------------|----|----|----|----|-----|-----|-----|
|                        | 22                              | 24 | 26 | 28 | 30 | 32  | 34  | 36  |
| 20                     | 40                              | 44 | 48 | 51 | 55 | 59  | 62  | 66  |
| 22                     | 44                              | 48 | 52 | 56 | 61 | 65  | 69  | 73  |
| 24                     | 48                              | 53 | 57 | 62 | 66 | 70  | 75  | 79  |
| 26                     | 52                              | 57 | 62 | 67 | 72 | 76  | 81  | 86  |
| 28                     | 56                              | 62 | 67 | 72 | 77 | 82  | 87  | 92  |
| 30                     | 61                              | 66 | 72 | 77 | 82 | 88  | 94  | 99  |
| 32                     | 66                              | 70 | 76 | 82 | 88 | 94  | 100 | 106 |
| 34                     | 69                              | 75 | 81 | 87 | 94 | 100 | 106 | 112 |

Cando a idade ao parto aumenta, incrementase a necesidade de tempo de estancia no grupo de recría, a súa alimentación, man de obra e manexo. As xovenas que

paren cedo, en principio pasan máis tempo da súa vida producindo leite que as que paren tarde, polo que presentan maiores producións vitalicias. Necesítase un ►►





EQUILIBRADO



NUTRITIVO





**basic**

Saco 25 kg  
Saco 10 kg

**élite**

Saco 25 kg

**premium60**

Saco 25 kg

# tató

LA GAMA DE **LECHES MATERNIZADAS**  
MÁS COMPLETA



T. 981 519 920  
delagro@delagro.org · www.delagro.org

► AS VANTAXES DE BAIXAR A IDADE AO PARTO SON CLARAS, PERO SE A BAIXAMOS TEMOS QUE AUMENTAR A GANANCIA DE PESO DIARIA

grande investimento para criar as xovencas dende o nacemento ata o momento do parto, e canto antes entren as xovencas a formar parte do rabaño leiteiro, antes retornarán o investimento inicial. Unha maior idade ao primeiro parto incrementa dramaticamente os custos da reposición. O número de xovencas de substitución necesarias para manter o tamaño do rabaño medra cando atrasamos a idade ao primeiro parto (ver táboa), co consecuente posible déficit en número de animais dispoñibles, ou ben o posible problema en canto a instalacións e confort animal por amoreamento.

Este aumento en variables de ingreso pode ser tan grande como un 50 % ou máis en situacións extremas. Un exemplo desta magnitude sería a comparación dun establo cun 26 % de reposición e unha idade ao parto de 22 meses con outro que ten 38 % de reposición e unha idade ao parto de 30 meses. A primeira explotación necesitaría 53 xatas no grupo de

recria, mentres que a segunda requiriría 106, o dobre de xatas só para manter un tamaño de rabaño constante de 100 vacas. Os custos para a cría destas xatas extra ou suplementarias poden ser tremendos e representan unha diferenza importante no potencial de ganancias de cada granxa.

As vantaxes de baixar a idade ao parto son claras, pero se baixamos a idade temos que aumentar a ganancia de peso diaria. Se nos poñemos de meta un obxectivo de 21 meses, hai que ter en conta que necesitaríamos ganancias medias de peso próximas aos 900 g/día desde o nacemento ata o parto. Para reducir a idade ao primeiro parto aos 21 meses, deberíamos reducir a idade ao primeiro servizo aos 11-12 meses, para o que serían necesarias ganancias diarias superiores aos 900 g diarios antes da puberdade co fin de lograr os obxectivos de peso á primeira inseminación. Isto non é gratis nin sinxelo, necesita dun manexo e unha alimentación excelentes.

Nos últimos anos houbo unha tendencia dentro do sector en acelerar as taxas de crecemento e reducir a idade ao parto; con todo, o que nos estamos atopando en moitos casos son animais alimentados para parir a 25-26 meses, mesmo máis, manexados para parir a 22, o que produce xovencas inmaturas ao parto cos problemas xa mencionados; ou viceversa, animais alimentados para parir a 22 meses, con altas ganancias de peso e que son manexados para parir a 25-26 meses ou máis, o que produce animais sobrecondicionados, con problemas metabólicos, distocias e menor produción. O problema en ambos os casos é que as medicións obxectivas, tales como pesos e alturas, non se realizan rutinariamente.

En xeral, as xovencas son seleccionadas para a reprodución baseándonos en parámetros como a idade ou algunha característica fenotípica (como a altura á grupa/cruz) e, ás veces, unha combinación de ambos os enfoques, outras veces son inseminadas polo simple feito de estar no curral de inseminación e case nunca se fai en función do seu peso con relación ao peso maduro da granxa.



Unha maior idade ao primeiro parto incrementa dramaticamente os custos da reposición

## ► O MANEXO E A ALIMENTACIÓN SON CLAVES PARA MAXIMIZAR A SAÚDE DOS ANIMAIS E A PRODUCCIÓN NA 1.ª LACTACIÓN

### MONITOREO DAS GANANCIAS

Avaliaremos a eficiencia e o rendemento na cría de xovencas segundo dous tipos de parámetros, ambos estreitamente relacionados:

1. **Parámetros reprodutivos:** o cumprimento dos valores obxectivo permitíranos obter as idades desexadas ao primeiro parto e, por tanto, non alargar un período improdutivo como é o da recría máis aló do estritamente necesario.
2. **Parámetros de crecemento e desenvolvemento:** o cumprimento dos valores obxectivo permitíranos obter os pesos, medidas e condicións corporais óptimas para conseguir producións satisfactorias na fase lactante dos animais.

### Parámetros de crecemento e desenvolvemento

Os parámetros de crecemento e desenvolvemento cos que deberemos traballar son os seguintes:

- peso corporal
  - altura á grupa (sacro) ou á cruz
  - condición corporal
- a) O peso corporal a certa idade é o criterio máis comunmente utilizado para avaliar o crecemento das xovencas, aínda que non debe ser o único criterio, xa que o peso corporal por si só non reflicte o estado nutricional das xovencas.
  - b) Deben efectuarse tamén medidas do crecemento esquelético, como a altura á grupa ou á cruz.
  - c) A medida da condición corporal pode tamén ser utilizada para avaliar os programas de alimentación. As xovencas non deberían presentar unha condición corporal superior aos 2,5-2,75 puntos durante o período dos 3 meses de idade á puberdade. Despois desta e ata antes da inseminación, o desexable para unha óptima fertilidade é unha condición corporal de 2,75-3. No momento do parto, o aceptable é unha condición corporal de 3,25-3,5.

Cando avaliamos todos estes parámetros conxuntamente, conseguimos algo máis que cuantificar pesos e alturas, conseguimos a caracterización do crecemento e da composición corporal.

Un dos puntos críticos na recría de xovencas é lograr unha composición e condición corporais adecuadas ao parto. O máis complicado no crecemento acelerado é aumentar a deposición de proteína sen aumentar de maneira desproporcionada a deposición de graxa. En xeral recoméndase a monitorización dos parámetros de crecemento e desenvolvemento das xovencas, como mínimo, en tres ocasións:

- á desteta
- á inseminación
- ao parto

Na práctica diaria hai que ter en conta que non todas as granxas son iguais, un programa de recría ten que ser dinámico e saber adaptarse a cada situación particular.

Os obxectivos en cada granxa van ser distintos, temos que priorizar e saber establecer os pescozos de botella particulares e en función destes establecer o plan.

Un plan de recría debe realizar:

- unha auditoría completa de todo o proceso e obtención de datos,
- establecer un plan de acción a curto e medio prazo,
- realizar un monitoreo e seguimento para comprobar que se cumplan os obxectivos marcados.

A recría de xovencas é un proceso susceptible de melloras, principalmente en tres direccións distintas:

1. **Saúde:** conseguir animais cun maior status sanitario, minimizando morbilidade e mortalidade.
2. **Crecemento e desenvolvemento:** conseguir animais con mellores tamaños, pesos e estaturas, e consequentemente máis produtivos, en especial na primeira lactación.
3. **Rendibilidade:** optimizar e recortar os custos innecesarios asociados á reposición.

Gran parte destes obxectivos poden conseguirse con simples pautas rutineiras de manexo nas distintas áreas de traballo, como son as de alimentación, saúde, manexo, confort e programa reprodutivo, en todos os grupos de pesos e idades. Con todo, deben introducirse unhas pautas de seguimento do rendemento nos parámetros de crecemento e

desenvolvemento para controlar os nosos obxectivos, coa finalidade de aplicar os cambios necesarios no caso de que os resultados non sexan satisfactorios.

### RESUMO

- Os obxectivos de crecemento (idade e peso ao parto) optimizan os custos, así como a partición de nutrientes durante a 1.ª lactación, o que permite un óptimo rendemento leiteiro.
- Factores de manexo e alimentación son claves para maximizar a saúde dos animais e a produción na 1.ª lactación.
- Para lograr unha composición corporal ao parto que non comprometa o equilibrio enerxético posparto e o rendemento leiteiro e permita unha idade temperá ao 1.º parto, a xovenca debe:
  - ser inseminada co 55-60 % do PM,
  - lograr un peso do 82-85 % do PM despois do parto.
- Debemos conseguir xovencas maduras ao parto e isto só se pode lograr cun monitoreo obxectivo nos puntos críticos durante todo o proceso de recría.
- Se non se permite que a xovenca alcance o crecemento requirido en tamaño e peso antes do parto, esta quedará encerrada nunha vida de baixo rendemento produtivo, xa que non poderá expresar todo o seu potencial.
- A monitorización do crecemento e a produción de leite en lactación son clave para saber se o noso programa de recría está a conseguir os obxectivos marcados. ■